

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A COORDINADORA GALEGA DE ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS PARA O DESENVOLVEMENTO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "REFORZAR A CAPACIDADE DA COORDINADORA GALEGA DE ONGD PARA ACOLLER, ACOMPAÑAR E REPRESENTAR ÁS ONGD GALEGAS E PARA ACTUAR COMO AXENTE CLAVE NA DEFENSA DOS DEREITOS HUMANOS E NA MELLORA DAS POLÍTICAS PÚBLICAS DE COOPERACIÓN EN GALICIA".

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais e de especialización a educación para o desenvolvemento e o fortalecemento institucional dos axentes.

Que unha das prioridades da Cooperación Galega establecidas na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, é a formación, o fortalecemento e a capacitación dos axentes de cooperación e da cidadanía en xeral.

Que a citada Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, alude na súa exposición de motivos á Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento como interlocutor permanente da Administración autonómica, xunto co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Así mesmo, no seu artigo 99.2 reafirma este papel atribuíndo ás organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento e as organizacións que as representan, como a Coordinadora Galega de Organizacións Non Governamentais para o Desenvolvemento, o rol de interlocutores permanentes dos órganos e das entidades do sector público autonómico en materia de cooperación para o desenvolvemento.

O V Plan Director da Cooperación Galega recoñece á Coordinadora Galega de ONGD como un dos actores e axentes de cooperación relevantes para o diálogo de políticas e o fortalecemento do sistema galego de cooperación.

(2) Antecedentes:

A Xunta de Galicia vén colaborando dende 1997 coa Coordinadora no ámbito da sensibilización e fortalecemento institucional a través da sinatura dos correspondentes convenios.



O importe das subvencións concedidas pola Xunta á Coordinadora Galega de ONGD en materia de cooperación para o desenvolvemento, nos ámbitos de sensibilización e fortalecemento, foi a seguinte:

ANO	IMPORTE SUBVENCIÓN XUNTA
2004	29.982,00 €
2005	106.350,00 €
2006	70.585,00 €
2007	85.717,26 €
2008-2009 (convenio plurianual)	180.000,00 €
2010	90.000,00 €
2011	90.000,00 €
2012	90.000,00 €
2013	60.000,00 €
2014	90.000,00 €
2015	90.000,00 €
2016	90.000,00 €
2017	90.000,00 €
2018	90.000,00 €
2019	90.000,00 €
2020	100.000,00 €
2021	100.000,00 €
2022	100.000,00€
2023	100.000,00 €
2024	100.000,00 €
2025	110.000,00 €

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade ás actuacións de educación para o desenvolvemento previstas e ao fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGDS como órgano de representación lexítimo deste sector, tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026. Sen prexuízo do anterior, poderanse incluír as actuacións iniciadas desde o mes de xaneiro de 2026, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

(4) O convenio ten por obxectivo contribuír a mellorar o sector galego de cooperación ao desenvolvemento mediante o fortalecemento da Coordinadora Galega de ONGD, a través da realización das actuacións que se describen no anexo que se achega como parte integrante do presente convenio.



(5) A singularidade deste proxecto que ven determinada polas accións de fortalecemento da propia Coordinadora, en canto organización representativa, aglutinadora e fortalecedora das ONGD que representa, que colabora coa administración pública atendendo aos citados principios de eficacia e sinerxía prestando asistencia e participando nos órganos de asesoramento e en comisións técnicas asesoras, así como apoiando, informando e asesorando aos axentes da cooperación e pola utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación. Por todo o anterior, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 110.000 € (cento dez mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.07.331A.481.1.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela
O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE
Jesús Gamallo Aller

